CONCELLO DE TEO

CARREIRA PEDESTRE BATALLA DE CACHEIRAS 2017 CONCELLO DE TEO

A Concellaría de Deportes do Concello de Teo organizará o **sábado 22 de abril de 2017** en horario de mañá e de tarde a Carreira Pedestre ***Batalla de Cacheiras 2017 - Concello de Teo***.

A carreira pedestre Batalla de Cacheiras recuperará como a pasada edición a tradición de conmemorar ***os acontecementos sucedidos o 23 de abril de 1846,*** xa que a súa **proba absoluta** e andaina discorrerán ***polos camiños por onde as tropas do xeneral de La Concha avanzaron para enfrontarse ó exercito sublevado liderado polo xeneral Solís. Camiños cheos de historia, de cultura, de paisaxe e arquitectura popular que atravesan as parroquias de Bamonde, Oza e Cacheiras no Concello de Teo. Unha ruta lineal que comeza ó pé da reitoral de Bamonde e rematará no cumio de Montouto.***

As probas estarán baixo control técnico da **Federación Galega de Atletismo** e seguirán o seguinte:

REGULAMENTO

1. Poderán participar atletas federados e non federados, aínda que haberá unha soa clasificación conxunta. O control da carreira estará a cargo do Comité de Xuíces da Federación Galega de Atletismo.

2. **CATEGORÍAS DOS/AS PARTICIPANTES**:
   - **PEQUES:** atletas nadas/os no ano 2012 e posteriores
   - **PREBENXAMÍN:** atletas nadas/os nos anos 2010 e 2011
   - **BENXAMÍN:** atletas nadas/os nos anos 2008 e 2009
   - **ALEVÍN:** atletas nadas/os nos anos 2006 e 2007
   - **INFANTIL:** atletas nadas/os nos anos 2004 e 2005
   - **CADETE:** atletas nadas/os nos anos 2002 e 2003
   - **XUVENIL:** atletas nadas/os entre 2000 e 2001
   - **JÚNIOR-PROMESA:** atletas nadas/os entre 1995 e 1999
   - **SÉNIOR:** atletas nadas/os en 1994 e ata veteranos/as
   - **VETERANA/O 1:** atletas de 35 a 40 anos cumpridos ata o día da proba
   - **VETERANA/O 2:** atletas de 41 a 49 anos cumpridos ata o día da proba

- **VETERANA/O 3:** atletas de 50 a 59 anos cumpridos ata o día da proba
- **VETERANA/O 4:** atletas de 60 anos ou máis cumpridos ata o día da proba
- **ANDAINA:** **a partir de 10 anos**

3. DISTANCIAS E HORARIOS:

As probas escolares celebraranse en horario de mañá no parque dos Tilos, a carón da piscina municipal.

A proba absoluta celebrarase en horario de tarde e sairá desde Bamonde con meta no miradoiro de Montouto (punto xeodésico).

A andaina celebrarase en horario de tarde e sairá desde Bamonde con meta no miradoiro de Montouto (punto xeodésico) o mesmo percorrido ca carreira absoluta.

Os horarios e distancias das probas serán os seguintes:

CARREIRA	HORA	CATEGORÍAS	DISTANCIA
ESCOLARES	11:00	PEQUES	150 m aprox. (1 volta ao circuíto vermello)
	11:10	PREBENXAMÍN	300 m aprox. (2 voltas ao circuíto vermello)
	11:20	BENXAMÍN	1.100 m aprox. (2 voltas ao circuíto amarelo)
	11:30	ALEVÍN	1.100 m aprox. (2 voltas ao circuíto amarelo)
	11:45	INFANTIL – CADETE – XUVENIL	2.200 m aprox. (2 voltas ao circuíto azul)
	12:30	ENTREGA DE TROFEOS PROBAS ESCOLARES	
ANDAINA	15:30	ANDAINA	9000 m aprox.
ABSOLUTA	17:00	JÚNIOR, PROMESA, SÉNIOR E VETERANO/A	9000 m aprox.
	18.15	ENTREGA DE TROFEOS PROBA ABSOLUTA	

4. INSCRICIÓNS

- ***CARREIRAS ESCOLARES*** (de peques a xuvenil) ata **o mércores 19 de abril ás 23:59 horas** no formulario de inscrición en liña presente na web **www.emesports.es** (única forma de inscrición).
- ***CARREIRA ABSOLUTA***: (Júnior, promesa, sénior e veteranos/as) ata o **mércores 19 de abril ás 23:59 horas** na web ***www.emesports.es*** (única forma de inscrición).

  Todas as persoas participantes que disputen a proba absoluta deberán correr cun CHIP colocado na súa zapatilla, o cal deberán entregar unha vez crucen a liña de meta.
- ***ANDAINA***: (a partir de 10 anos). Ata **o mércores 19 de abril ás 23:59 horas** no formulario de inscrición en liña presente na web **www.emesports.es** (única forma de inscrición).

NON SE ADMITIRÁN INSCRICIÓNS FÓRA DOS PRAZOS ESTABLECIDOS NIN O DÍA DA PROBA.

PREZOS DE INSCRICIÓN:

- **CARREIRAS ESCOLARES E ANDAINA (nados/as a partir do 2000): GRATUÍTA**
- **CARREIRA ABSOLUTA (júnior, promesa, sénior e veterano/a): 6,00 €**
- **ANDAINA (nados/as antes do 2000): 3,00 €**

A inscrición non se completará ata que se realice o pago no momento de rexistrarse na web **www.emesports.es**.

Para calquera dúbida relacionada co proceso de inscrición poderán dirixirse ó teléfono: ***981 815 700*** (Departamento de Deportes)**.**

RECOMÉNDASE A TODAS AS PERSOAS INSCRITAS QUE COMPROBEN A LISTAXE DE PARTICIPANTES EN *www.emesports.es* ANTES DE QUE REMATE O PRAZO DE INSCRICIÓN.

Todos/as aqueles/as participantes que non saian nas listaxes da páxina web non poderán participar o día da carreira.

CAMISETA CONMEMORATIVA

Todos os participantes recibirán unha camiseta conmemorativa do evento.

RECOLLIDA DE DORSAIS E CAMISETA CONMEMORATIVA:

- **Probas escolares: a partir das 09.30 horas no lugar de saída (a carón da piscina municipal dos Tilos) e ata 30' antes da súa proba.**
- **Proba absoluta: a partir das 15:30 horas no lugar da meta (alto de Montouto - punto xeodésico) e ata 30' antes do inicio da proba respectando o horario de autobuses establecido pola organización.**
- **Andaina: a partir das 15:00 horas no lugar da meta (alto de Montouto - punto xeodésico).**

SERVIZO DE AUTOBUSES E DE ROUPEIRO NA PROBA ABSOLUTA E NA ANDAINA

Os/as atletas adultos/as e participantes na andaina serán trasladados en autobús ata o punto de saída.

Horario de saída dos autobuses:

Andaina: 15:20 h

Carreira absoluta: a partir das 15:45 h, o último sairá ás 16.30 h

Haberá servizo de roupeiro na liñas de saída e meta.

5. **TROFEOS PARA OS CORREDORES/AS:**

Haberá trofeo para:

- Os 3 primeiros/as clasificados/as en todas as categorías establecidas (homes e mulleres).
- As 3 primeiras mulleres e os 3 primeiros homes da proba absoluta.
- O/A **participante máis novo/a** e o/a **máis veterano/a** que logre concluír a proba polos seus propios medios e sen axudas externas.
- O **primeiro equipo federado** masculino e femenino clasificado na clasificación final.
- O centro escolar do Concello de Teo que achegue máis participantes que logren concluír a proba (deberá indicarse o centro educativo na inscrición).
- O/A primeiro/a clasificado/a empadroado/a en Teo en cada categoría, homes e mulleres, (deberá indicarse se está empadroado/a ou non no concello de Teo na inscrición), o/a participante que non o especificara correctamente na inscrición non poderá reclamar o trofeo.
- Bebida para as persoas participantes.

Os trofeos non serán acumulativos, excepto os trofeos ás e ós atletas locais.

*A **clasificación por clubs** da proba absoluta será establecida a través dos 6 primeiros/as corredores en cruzar a liña de meta, pola suma dos seus postos, gañando o equipo que menos puntos acade. En caso de empate gañará o equipo que mellor clasifique o seu 6º compoñente (imprescindible facer a inscrición como club). Haberá equipos masculinos e femeninos nesta clasificación.*

Para optar ó premio ó mellor club federado da proba absoluta deberán anotarse os atletas individualmente na web ***www.emesports.es*** e remitir un correo á dirección ***FGAsantiago@gmail.com*** indicando os datos do club e a listaxe dos/as atletas inscritos.

Para o premio ó centro escolar do concello de Teo que achegue máis participantes ás probas, deberán realizar a inscrición do mesmo xeito, inscribindo os atletas individualmente na web ***www.emesports.es*** e remitindo un correo electrónico á dirección indicada (***FGAsantiago@gmail.com***).

6. Todo/a atleta que entre na liña de meta sen o seu dorsal ou sen que estea debidamente colocado na parte anterior do corpo en toda a súa extensión será automaticamente descualificado.

7. As reclamacións sobre os resultados oficiais deberán formularse verbalmente ó xuíz árbitro da Competición non máis tarde de 30 minutos despois da publicación destes. Todo o non previsto no presente regulamento resolverase de acordo co Regulamento da **RFEA** e **FGA** en vigor para probas en ruta.

8. Haberá servizo de duchas a disposición dos/as atletas nas instalacións da Piscina Municipal dos Tilos para as carreiras escolares, e no pavillón dos Tilos para á carreira absoluta.

9. Dereitos de imaxe: O/a participante nas carreiras e a andaina autoriza o uso de fotografías propias sempre que o seu uso garde relación co evento no que se subscribe. Coa realización da inscrición o/a participante admite que o organizador, poida facer uso da imaxe de todos os/as participantes en calquera formato xa sexa gráfico ou dixital e en todas as súas formas (vídeo, foto, dvd, internet, carteis, medios de comunicación, etc…). Todos os dereitos de imaxe pertencen á organización (Concello de Teo).

Mais información nas webs:

- **www.teo.gal**
- **www.fgatletismo.es/santiago**
- **www.atletismogalego.org**
- ***www.emesports.es***
- **www.correrengalicia.org**

PLANO DAS PROBAS ESCOLARES

CATEGORÍA PEQUES: 150 mts. aprox. (1 volta ao circuíto vermello)

CATEGORÍA PREBENXAMÍN: 300 mts. aprox. (2 voltas ao circuíto vermello)

CATEGORÍA BENXAMÍN: 1.100 mts. aprox. (2 voltas ao circuíto amarelo)

CATEGORÍA ALEVÍN: 1.100 mts. aprox. (2 voltas ao circuíto amarelo)

CATEGORÍAS INFANTIL – CADETE - XUVENIL: 2.200 mts. aprox. (2 voltas ao circuíto azul)

PLANO DA PROBA ABSOLUTA E ANDAINA